



Consello de Galicia

Buenos Aires, 11 de xulio de 1969.-

Sr.  
Xavier Albajar  
17 Quai aus Fleurs  
PARIS

Benquerido amigo:

Recibimos dúas cartas as que repostamos de inmediato pra súa tranquilidade. Como pode ver as cousas vanse encarrillando polo vieiro que deben andar. Todo é cuestión de traballo, traballo e traballo. O máis importante pra nós e estar enriba dos probremas e non fuxir deles pois o enfrentalos estamos facendo algo positivo e o non facelo deixamos as cousas trascorrir con efecto negativo. Temos que ter a decisión de analizar cada un dos tropezos pra sacar esperencia e mellorar a nosa situación. Hai que estar sempre vixiante e dar os pasos firmemente, máis non deixalos de dar. Vexa vostede como nos van tendo en conta. E aseguramos que en adiante aínda nos van a ter que considerar mellor pois a laboura dos galegos emigrados é unha axuda forte e puxante na defensa dos ideaes nosos e dos demáis pobos de Hespaña. Non estamos illados dos esforzos posto que, logo de ler a carta do señor Sauret, vemos que estamos na postura xusta. E decir: servir de apoio loxístico os esforzados loitadores do interior. Os nosos manifestos, o envío de máis de mil periódicos, a carta correspondencia intercambiada decote, a traída de homes pra dar conferencias, de auténtica liña galeguista, o envío permanente de libros que falan dos nosos probremas, a creación de delegaciós en Caracas e Nueva York, o reforzo da súa posición, etc., coinciden totalmente co amigo Sauret. Non pararemos nos nosos traballos deica que os galegos poidan darse o goberno que queren e se respeten os ouxetivos que dende fai catrocentos anos vimos perseguindo. Non faremos o papel tristeiro de ver procramar un réximen de liberdade en Hespaña, a cúa instauración estamos coadyuvando, sin que en Galicia non achemos quenes ergan a bandeira galega en todos os axuntamentos, gobernaciós e diputaciós, decrarando a total autonomía de Galicia. O exemplo de Maciá en Cataluña é pra nós o gran exemplo. Hai que ir a política dos feitos consumados. Logo falaremos.

O artigo pra Revista Europa Ethnica mandaremolo de aquí e pediremos artigos a Galicia pra que teña o amigo Skedegard material pra elexir. Como domiña o castelán podera facelo sin dificultades.

Aledanos que chegaran os libros. Mandaremos mais. Máis dos que pensa. Nestes días sairán trinta exemplares do libro escrito



## Consello de Galiza

polo mestre Xohan Viqueira e que contén pensamentos fondales pra comprensión do probrema galego. De Risco mandaremos algún maís, aínda que xa está esgotado. Pro atoparemos quen os entregue pro seu envío. O Manifesto sairá o luns por avión. Van bastantes. Non entregue a quenes temos a direición pois xa saíron por correo marítimo.

Hoxe autorizouse o xiro de xulio e coidamos que antes do 5 de agosto estarña ahí os 450 francos que se deben do viaxe a Colmar.


Anoticia da chegada de D. Manuel Irujo e un acerto, querido Alvajar, pola nova tónica que o Consello tomou. Non ben chegada a noticia informei o señor Conselleiro de Asuntos Extranxeiros, señor Segundo Pampillón, pro contaito con D. Pedro Basaldúa, representante do Goberno Vasco eiquí. Como non o atopou falei eu fai un intre. Solprendouse da nosa información que, asegún él, era desconocida en Buenos Aires por todos, menos por él. Informoume que con moito gusto teremos unha reunión ampria co señor de Irujo, aínda que a chegada non sería denantes de fin de mes <sup>proque</sup> ~~por~~ pola enfermidade dun irmán en Caracas tiña demorada a Chegada. Polo tanto de eiquí sairá algo positivo pois a reunión tamén se fará cos cataláns. Estará vostede debidamente informado.

Anticipolle esto en forma confidencial: Basaldúa dixo que a figura política deles e Irujo e que Leizaola ven a ser algo como unha figura protocolar. Esto olvídese de que llo dixemos e useo como elemento informativo pra moverse. Recorde este preceuto: "O mellor político é o mellor informado". Nós percuramos estar o día con todo canto sexa valdeiro pra nós. Eso permítenos unha información xusta. E vostede non deixe de mandar informes que a veces non parecen ter importancia e sin embargo teñena en demasía.

Vai carta a Tarradellas, Sauret e Leizaola. Copias chegarán a París dentro de unhos dez días, pois non queremos despachalas denantes de ser aprobadas polo pleno do Consello de Galiza dada a súa importancia e futura trascendencia.

E aledanos moito, moitísimo, a súa decisión de seguir na trincheira compartindo as angurias que todos estamos sufrindo cara a nosa benamada Galicia.

Os saúdos dos señores Conselleiros e unha fondal aperta

  
Valentin Fernandez  
Segretario de Gobierno